


## Programa de actividades

| Data | | Lugar |
|---|---|---|
| | **ABRIL** | |
| Luns, 12 | **Recital do *"Círculo Poético Ourensano"***<br>No ano 1918, a chamada Juventud Republicana (JR) de Ourense, a proposta do socio Eduardo Blanco Amor, tomou o acordo de homenaxear aos precursores do republicanismo ourensán do século XIX, "a los ilustres ciudadanos, maestros en el saber y ejemplo de virtud y austeridad política, que en vida se llamaron don Eduardo Chao Fernández, don Castor Diéguez Amoeiro, don Eduardo Moreno López y don Juan Manuel Amor Pereira", tal como recolle o xornal La Zarpa.<br>As incidencias políticas de aqueles turbulentos días de loita contra o réxime borbónico, impediron levar a cabo a velada literaria organizada pola JR como primeiro acto dunha serie deles "que se celebrarían en honor de nuestros maestros de Ideal".<br>Pero chegou o día! | 20,15 h. Salón de Actos do Liceo |
| Martes, 13 | **As Misións pedagóxicas: Presenza en Galicia.**<br>*Proxección dun documental e intervención do profesor José Paz.*<br>O 11 de agosto de 1933 comezou a misión pedagóxica de Galicia dirixida por Rafael Dieste, una viaxe de 6 meses para recorrer toda Galicia. Foi a actividade de maior duración de todas as organizadas polo Patronato de las Misiones Pedagógicas,creado polo Goberno da República o 29 de maio de 1931 có obxectivo de levar aos lugares máis afastados uns bens culturais que pertencían a toda a cidadanía e non só á das cidades. | 20,15 h. Salón de Actos do Liceo |
| Mércores, 14 | **Conmemoración do 14 de Abril.**<br>*Concerto da Banda de Música do Concello de Ourense.* | 20,30 h. Paseo (ou Liceo, se chove) |
| Xoves, 15 | **Mesa redonda sobre a Memoria Histórica.**<br>Interveñen:<br>• Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)<br>• Proxecto de Investigación, Nomes, Voces e Lugares.<br>• Ateneo Republicano de Valdeorras. | 20,15 h. Ateneo de Ourense (edificio Torre) |
| Venres, 16 | **Homenaxe a María de los Ángeles Fernández Tovar *"Cuca Tovar"***<br>*Conferencia do catedrático de Historia José Carlos Bermejo* | 20,30h. Paraninfo "Otero Pedrayo" |
| | **Cea da República**<br>Ao remate, actuación da Big-Band da Deputación de Ourense.<br>22,00 h- Saída de autobuses desde parada da Alameda do Concello (fronte a Correos). Regreso da Cea, ás 01, 02 e 03,00 h. | 22,30h. Restaurante 'Carballeira' Sta Cruz de Arrabaldo |
| Domingo, 18 | **Ofrenda floral no monumento en Homenaxe aos republicanos ourensáns fusilados.**<br>Interveñen:<br>• Cristina Asenjo (acordionista)<br>• Xosé Lois carrión (AdaR) | 12,00h. Cemiterio San Francisco |
| Luns, 19 | **Proxección da mediometraxe *"Memorias rotas. A balada del comandante Moreno"*, de Manane Rodríguez.**<br>(Recuperación dos restos dos milicianos do Batallón Galicia que foron fusilados no Alto do Acebo-A Fonsagrada en 1937. Entre eles un comisario político da terceira compañía, Odilo Masid Masid, natural de San Lorenzo de Piñor (Barbadás-Ourense). | Centro Cultural Deputación de Ourense |
| Sábado, 24 | **Festa popular homenaxe aos veciños do Cambedo da Raia.**<br>Estarán presentes: Veciños do Cambedo da Raia.<br>Representantes das corporacións municipais de Chaves e Ourense.<br>Actuación da Banda municipal de Chaves.<br>Ó remate terá lugar un pequeno convite entre os asistentes. | 18 h. Praza Cambedo da Raia |
| | **SETEMBRO** | |
| | **Concerto Memorial *"Luis Yzquierdo Balbuena"*.** | Por decidir |

# Homenaxe a
# María de los Ángeles Fernández Tovar
# "Cuca Tovar"



No camiño iniciado pola asociación ourensá Amigos da República (AdaR) en 1998, e que ten como meta acadar a III República, homenaxeamos a sindicalistas, mestres, guerrilleiros, as vítimas silenciosas, os "artistiñas"… Homes e mulleres que encarnaron nas súas vidas e vivencias os valores nacidos naquel 12 de abril de 1931: Liberdade, Igualdade, Fraternidade e Laicismo.

Amigos da República, ao igual que noutras moitas asociacións en todo o Estado, estamos intentando que, co noso gran, sexa por fin realidade a Recuperación da Memoria Histórica, a verdadeira Historia que nos negaron os que recorreron ás armas para converter o país nun cárcere, un país onde un xeneral traidor como Millán Astray foi quen de proclamar que cando lle falaban de cultura, sacaba a súa pistola.

En Amigos da República sempre defendemos que de ben nacidos é ser agradecidos. Por iso, cando foi inaugurado, o 25 de setembro de 2005, o monumento que lembra no cemiterio de San Francisco aos/ás republicanos/as fusilados/as, levantado por subscrición popular, xa dixemos que a idea de facer tal homenaxe estaba documentada nas investigacións iniciadas por María de los Ángeles Fernández Tovar, a amiga Cuca Tovar, sobre as identidades das persoas fusiladas en Ourense durante a Guerra Civil, e despois no franquismo, e que foron posteriormente enterradas nese cemiterio.

Como moi ben dixo o amigo Pastor Fábrega, presidente de AdaR, Cuca non recuperaba a Memoria Histórica; estaba a recuperar a Historia, esa Historia que se ocultou e reescribiu e na que agora todos/as nós estamos recuperando a súa memoria. Dende o Poder municipal ourensán de mediados os pasados anos 80 pretendeuse que seguira esquecendo a Historia, tanto pola propia historia en si como pola súa militancia comunista. Pero non o conseguiron.

Por iso entendemos que Cuca merece
–debe– ser homenaxeada nesta

festa da república 2010

## Organiza:

amigos da república ourense

## Colaboran:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Cultura
Concellería de Sanidade

Agradecemos a axuda e apoio prestados por todas as institucións, entidades e colectivos, así como a Xesús Vázquez, autor do cartel, e aos medios de comunicación.

**Retirada de invitacións para a Cea da República (25 €):**

Ateneo de Ourense, Bar 1008, BNG,
Casa da Xuventude, CC OO, CIG, EU-IU,
Libraría Eixo, Libraría Tanco, Libraría Torga,
PSdeG-PSOE, UGT e Amigos da República.